


INTERVENCIÓN DE DESAFÍO DO SEXISMO A TRAVÉS DE CONTEXTOS DEPORTIVOS

Libro de ejercicios



Marina Castro García

PRESENTACIÓN

Este documento, correspóndese ao libro de exercicios empregado como material docente na proposta didáctica *Deportigualízate*. Esta proposta de intervención pretende desafiar o sexismo a través de contextos deportivos, poñendo en práctica os principios das pedagogías feministas e críticas. Así mesmo, cabe destacar que foi implementada en diferentes contextos educativos dentro da educación formal.

Por unha banda, *Deportigualízate* foi posta en práctica no grao de Ciencias da Actividade Física e o Deporte (Universidade da Coruña), especificamente en dúas materias: Teoría e Historia da Actividade Física e do Deporte (materia na cal impartín parte de docencia durante tres cursos académicos), e Muller e Deporte (materia na que fun colaboradora en dous cursos académicos).

Por outra, foi implementada en diferentes centros de secundaria, tanto no marco da materia de Educación en Valores, como o de Titorías, grazas a un proxecto promovido polo Centro de Estudos de Xénero e Feministas da Universidade da Coruña.

Así, este documento trátase dun libro para utilizar como complemento á propia intervención, de maneira que o alumnado poida reflexionar dunha forma máis íntima e profunda, sobre certos aspectos relacionados co sexismo e as desigualdades. Non debe ser entendido, pois, como un material illado, senón como parte dunha proposta pedagóxica na que se inclúe tanto un traballo teórico-práctico na aula, como un traballo Individual de cada estudante fóra de clase.





deportIGUALÍZATE

LIBRO DE
EXERCICIOS

OLA! Se tes isto entre as túas mans, é por que vas participar nunha experiencia educativa sobre desafío do sexismo no deporte.

Entre todas as persoas da clase, iremos descubrindo que é isto da igualdade, como nos afectan as desigualdades, o poder que ten a sociedade sobre a nosa maneira de pensar e actuar, que podemos facer para enfrontarnos a contextos onde non se producen situacións equitativas, etc. Mentres experimentamos actividades concretas a levar a cabo en distintos contextos para prever o sexismo no deporte.

Para iso, realizaremos actividades na aula e complementarámoslas con este caderno. Nel, atoparás actividades de cinco tipos:



Pensar e reflexionar



Cubrir ou escribir



Investigar, indagar ou preguntar



Responder (sen facer trampas buscando información)



Facer en grupo

O caderno é persoal e anónimo, polo que é importante que escribas SEMPRE o que penses. Se nalgún momento o espazo non che chega, colle un folio a parte e continúa, ti non te cortes! 😊


Se ao longo do proceso xórdeche algunha pregunta ou necesitas aclarar algo, non dubides en preguntar en clase ou contactar comigo:



marina.castro@udc.es



BUZÓN SUGERENCIAS





Antes de comezar, pensa e responde. **Crees que no país onde vives hai igualdade de xénero? E no teu centro educativo, hai igualdade de xénero? Que opinas do caso do deporte?**



ARRANCAMOS! ... Coloca as **letras** das seguintes imaxes na **escala** que tes abaixo, en función de se a consideras moi masculina ou pouco masculina (*podés colocar a letra en calquera punto da liña*):

A



B



C



D



E




F



G



G



0% masculino

50% masculino

100% masculino



Explica as **razóns** polas que decidiches ordenar así cada unha das imaxes:



Imos con corpos de mulleres. De novo, coloca as **letras** das seguintes imaxes **na escala** que tes abaixo, en función do feminino que o consideres:

A



B



C



D



E




F



G



G



0% feminino

50% feminino

100% feminino





Explica as **razóns** polas que decidiches ordenar así cada unha das imaxes:

A continuación, hai unha lista de calidades:

1. **Marca as 6** coas que máis identificada ou identificado te sintas (se se che ocorre algunha máis, engádea 😊):



- Amabilidade.
- Fortaleza (psíquica).
- Fortaleza (física).
- Valentía.
- Rebeldía.
- Obediencia.
- Independencia.
- Alegría.
- Dozura.
- Sensibilidade.
- Debilidade (psíquica).
- Debilidade (física).
- Dependencia.
- Responsabilidade.
- Paciencia.
- Fraxilidade.
- Pouca habilidade motriz.
- Pasividade.
- Moita habilidade motriz.
- Timidez.
- Racionalidade.
- Autoridade.
- Competitividade.
- Extraversión.
- Subxectividade.
-
-
-
-

2. Pregúntalle a alguén da túa contorna con cales se sente máis identificado ou identificada, e **marca 6**:



- Amabilidade.
- Fortaleza (psíquica).
- Fortaleza (física).
- Valentía.
- Rebeldía.
- Obediencia.
- Independencia.
- Alegría.
- Dozura.
- Sensibilidade.
- Debilidade (psíquica).
- Debilidade (física).
- Dependencia.
- Responsabilidade.
- Paciencia.
- Fraxilidade.
- Pouca habilidade motriz.
- Pasividade.
- Moita habilidade motriz.
- Timidez.
- Racionalidade.
- Autoridade.
- Competitividade.
- Extraversión.
- Subxectividade.
-
-
-
-



Xunto coa persoa á que "entrevistaches", **relacionade** cada calidade co que creedes que está **socialmente considerado como masculino** ou **feminino**:

Amabilidade.

Fortaleza (psíquica).

Fortaleza (física).

Valentía.

Rebeldía.

Obediencia.

Independencia.

Alegría.

Dozura.

Sensibilidade.

MASCULINO

Debilidade (psíquica).

Debilidade (física).

Dependencia.

FEMININO

Responsabilidade.

Paciencia.

Fraxilidade.

Pouca habilidade motriz.

Pasividade.

Moita habilidade motriz.

Timidez.

Racionalidade.

Autoridade.

Competitividade.

Extraversión.

Subxectividade.



Correspóndese o que está socialmente considerado como masculino ou feminino, co que ti seleccionaches? E co que seleccionou a persoa á que lle preguntaches?



Por que crees que ocorre isto? Que **consecuencias** ten para cada un e unha de nós, o que está socialmente aceptado e o que non? **Estás de acordo** co que di a sociedade? Dálle ás á túa parte máis reflexiva ...



Sabes a diferenza entre **xénero** e **sexo**? *Se é que si, responde. Se é que non, aventúrate a responder.*

E entre **identidade de xénero** e **orientación sexual**? *Se é que si, responde. Se é que non, aventúrate a responder.*



Investiga que é cada unha e saca o teu lado máis creativo deseñando un **panfleto informativo**:



Que queren que creamos os medios de comunicación? Que queren vendernos? Que queren facernos ver? IMOS COMPROBALO! Para iso, colle un **XORNAL DEPORTIVO** e, primeiro, enche a seguinte ficha cos datos que aparecen:

NOME DO XORNAL:	
Deportes sobre os que se fala e número de veces:	
Nº de imaxes de <u>homes</u> : <i>Dos cales, <u>deportistas</u> son:</i>	Nº de imaxes de <u>mulleres</u> : <i>Das cales, <u>deportistas</u> son:</i>
Nº de noticias de <u>homes</u> :	Nº de noticias de <u>mulleres</u> :
Nº de titulares sobre os <u>homes</u> que fan referencia a <input type="checkbox"/> Logros deportivos <input type="checkbox"/> Temas non relacionados co deporte <input type="checkbox"/> Outros. <i>Indica cal:</i>	Nº de titulares sobre as <u>mulleres</u> que fan referencia a <input type="checkbox"/> Logros deportivos <input type="checkbox"/> Temas non relacionados co deporte <input type="checkbox"/> Outros. <i>Indica cal:</i>
Algo máis que che chamara a atención?	



A que conclusións chegas tras a análise?



En grupos de 3 ou 4 persoas, poñede en común as **conclusións** ás que chegastes tras a análise do xornal e escribídeas (cada persoa no seu caderno) a continuación:

Despois, **deseñade** un mural / póster / viñeta / cómic / TikTok / un insta- storie ... **o que queirades!**

Onde se visibilice unha das vosas conclusións ... ou todas 😊



*(Esta actividade, tedes que entregala nun **folio/cartolina/...** a parte, non tedes que facer nada de nada no caderno)*



Xa estamos a chegar ao final e, por iso, **imos facer algo no instituto** para que participe o resto de alumnado e profesorado e poidamos axudarlles a reflexionar sobre todos os conceptos que fomos traballando. Que actividade crees que poderíamos levar a cabo? *Podes expoñer unha das que fixemos, ou outra que se che ocorra.*

ARGUMENTOS de porqué crees que esa é a mellor opción:

-

-

-

-



Agora que rematamos ... volvo repetir as preguntas coas que empezamos ... **Crees que no país que vives hai igualdade de xénero? E no teu centro educativo, hai igualdade de xénero? Que opinas do caso do deporte?** Explica a túa resposta e, se o programa que che serviu para algo, este é o momento de expresar a túa opinión. Grazas! 😊